

PROXECTO DEPORTIVO DE CENTRO

C.P.I. PONTECESURES

COORDINADOR - FELIPE BUCETA FERNÁNDEZ

1. INTRODUCCIÓN.

O sistema educativo actual xerou a necesidade de elaborar documentos, que den coherencia ao desenvolvemento de todo o proceso de ensinanza aprendizaxe. Neste senso elabóranse: o proxecto educativo de centro (PEC), o proxecto curricular do centro (PCC), a normativa de regulamento de réximen interno (RRI), a programación xeral anual, (PXA). A finalidade destes documentos é crear un marco de referencia para tódolos compoñentes da comunidade educativa. A este nivel e formando parte do proxecto educativo de centro é onde imos desenvolver o proxecto deportivo de centro (PDC).

O Proxecto Deportivo de Centro (PDC), será un instrumento dinámico e con proxección de futuro. Terá que garantir que tódalas actividades deportivas que se realicen por parte do alumnado, teñan coma obxectivo xeral, a educación integral. Ofrecer un amplo abano de actividades deportivas no seu entorno para que o tanto por cen de alumnado sedentario vaia reducíndose. E como consecuencia, que no futuro, na súa vida adulta, sexan xente sana: que leven unha vida activa, que se alimenten de forma correcta e que non teñan malos hábitos.

Este documento elaborárase coa colaboración de toda a comunidade educativa, a partir do análise da propia realidade da zona. Establecendo sinerxias entre o propio centro, a anpa, o concello, as federacións, os clubs, e as instalacións deportivas (privadas, se as hai).

No PDC definiránse todos os elementos que o compondran e a súa forma de funcionamento, co fin de alcanzar o máximo beneficio e satisfacción para os componentes da comunidade educativa.

2. OBXECTIVOS.

- Aumentar os niveis de práctica deportiva entre o alumnado do centro.
- Ofrecer a posibilidade de experimentar as tres vertientes da práctica deportiva: a competitiva, a recreativa e a da mellora da condición física-saúde.

- Educar de forma integral para repercutir na adquisición dun estilo de vida saudable.
- Fomentar conductas responsables para expresar emocións durante a práctica da actividade físico-deportiva.
- Facilitar o acceso do alumnado a distintas prácticas deportivas que se ofertan na zona.

3. ORGANIZACIÓN, DESENVOLVEMENTO E METODOLOXÍA.

3.1. ORGANIZACIÓN.

A entidade responsable da elaboración e desenvolvemento do PDC e o C.P.I. de Pontecesures. Implicado no mesmo está o seu equipo directivo. A elaboración e toda a labor de xerencia do proxecto recae sobre o coordinador, Felipe Buceta (Departamento de Educación Física). Que contará coa axuda do profesor colaborador do proxecto Enrique Villanueva (Departamento de Tecnoloxías). Os entes que pretendemos implicar no mesmo son: o concello, a anpa, as federacións, os clubs e as posibles instalacións deportivas de carácter privado que poidan existir.

Unha vez elaborado o proxecto incluírase no PEC.

3.2. DESENVOLVEMENTO

Faremos un diagnóstico inicial, co cal completaremos un análise do entorno.

- Deportes con clube en funcionamento na zona, implicación da federación correspondente, actividades ofertadas polo concello, actividades ofertadas pola anpa. Instalacións públicas dispoñibles e o seu uso. Posibles instalacións privadas na zona.
- Número de participantes por actividade ou deporte. Distinción por grupo de idade.
- Do total do alumnado do centro cantos fan deporte, cantos actividade física regular, e cantos levan vida sedentaria.

Unha vez feito este diagnóstico, estableceremos as liñas de promoción deportiva, e o plano deportivo da zona de Pontecesures. De cara a facilitarlllo a toda a comunidade educativa.

Por último facilitaremos dende a xerencia as sinerxias entre os distintos entes implicados.

3.3 METODOLOXÍA

Unha vez elaborado o proxecto deportivo de centro incluírase no proxecto educativo do mesmo. Polo tanto estará a disposición de toda a comunidade educativa. Pero o que é a parte do mapa deportivo de Pontecesures, será exposta ao alumnado utilizando como metodoloxía o mando directo. A partir de aquí, o principal método que vamos a usar é o descubrimento guiado. Este vai a ser o eixo vertebrador de todo o proxecto. Pretendemos que o mapa sexa de uso habitual do alumnado para ir descubrindo e probando todo o que a súa zona ofrece a nivel de actividade físico-deportiva. Dándose seguramente nesta fase do proxecto un novo método entre o alumnado que será a ensinanza recíproca.

4. AVALIACIÓN.

Faremos a mesma centrándonos en tres ámbitos:

4.1. *Ámbito de participación, onde avaliaremos os seguintes ítems:*

- Tanto por cen de niveis de sedentarismos sobre o total do alumnado.
- Participantes nas distintas actividades físico deportivas, desglosado por actividades.
- Participantes distinguindo por cursos, actividades e idades.

4.2. *Ámbito de recursos humanos, onde avaliaremos os seguintes ítems:*

- Número total de actividades físico deportivas ofertadas.
- Formación dos distintos educadores deportivos segundo as actividades ofertadas.

4.3. *Ámbito dos aspectos curriculares, onde avaliaremos os seguintes ítems:*

- Valorar o progreso a nivel deportivo e socio-afectivo do alumnado.
- Concretar como foi o uso dos espazos, materiais e mantemento dos mesmos.
- Establecer con enquisas o grado de satisfacción das persoas implicadas.